

Dende AER queremos mostrar a nosa preocupación pola ocupación da vía pública por parte da hostalería e a súa repercusión sobre as arcas do Concello. No cadro que aportamos, atoparedes algúns dos locais hostaleiros de Redondela e Chapela, non están todos, pero son unha cantidade máis que significativa. Dicir que, para que ninguén se chame a engano, que os datos de “*mesas pagadas*” e “*importe e data da solicitude*”, **son datos aportados pola Concellaría de Interior**, polo tanto non os inventamos nós. Os datos de “*mesas colocadas*” e “*importe*”, si son nosos, e fan referencia ás mesas que tódolos días están nas nosas prazas, xa sexan colocadas ou agardando a ser colocadas cando hai máis xente. Recalcar que **todos os abonos son trimestrais, agás os tres locais que aparecen co símbolo (*) que abonan de forma anual.**

TERRAZAS	2012				Fecha Solic.
	M. Colocadas	Importe	M. Pagadas	Importe	
Local					
C. Pepe	20	635,60 €	15	476,70 €	19/06/12
K. Xunqueira	3	95,34 €	3	95,34 €	02/07/12
C. Zeus	12	381,36 €	0	0,00 €	
K. Alameda	3	95,34 €	0	0,00 €	
Disco tasca	8	254,24 €	8	254,24 €	
C. A Farola	5	158,90 €	0	0,00 €	
Bar Central	4	127,12 €	4	127,12 €	
*Royalty	15	1.389,30 €	8	740,96 €	21/06/12
Café da Vila	7	222,46 €	7	222,46 €	04/06/12
Escondidiño	8	254,24 €	6	190,68 €	23/07/12
Candelaria	12	381,36 €	8	222,46 €	10/07/12
Guay	3	95,34 €	0	0,00 €	
H. Los Leones	15	476,70 €	15	476,70 €	11/06/12
Bolicho	16	508,48 €	16	508,48 €	09/07/12
Cruceiro	32	1.016,96 €	26	826,28 €	01/07/12
A Barraca	20	635,60 €	20	635,60 €	09/07/12
Kitty Hawk	15	476,70 €	0	0,00 €	
Pili	4	127,12 €	4	127,12 €	04/05/12
Casa Mucha	10	317,80 €	10	317,80 €	18/04/12
Pili	10	317,80 €	10	317,80 €	04/05/12
C. Los Amigos	4	127,12 €	4	127,12 €	09/07/12
Buenos Aires	4	127,12 €	4	127,12 €	10/07/12
A Cova	16	508,48 €	6	190,68 €	10/07/12
Aifos	6	190,68 €	6	190,68 €	22/05/12
Vinoteca Adegas do Abade	6	190,68 €	0	0,00 €	
Adegas	17	540,26 €	8	254,24 €	14/05/12
A Parra	6	190,68 €	0	0,00 €	
Cuatro Esquinas	3	95,34 €	0	0,00 €	
Luada	4	127,12 €	4	127,12 €	14/05/12
Na Lúa	3	95,34 €	3	95,34 €	09/06/12
O Chusco	4	127,12 €	4	127,12 €	13/07/12
*C. Sumy	4	370,48 €	4	370,48 €	
C. Kima	6	190,68 €	6	190,68 €	06/02/12
Bar Torres	4	127,12 €	4	127,12 €	21/03/12
*Bar A Dorna	1	113,64 €	1	113,64 €	16/01/12
Onde queiras	3	95,34 €	3	95,34 €	02/06/12
Bar Nando	4	127,12 €	4	127,12 €	28/06/12
Abra de Meu	9	286,02 €	9	286,02 €	
Total	326	11.598,10 €	230	8.089,56 €	

Os 8.089,56 € corresponden á recadación a día 24 de Xullo. Poderíamos pensar que se no ano 2010 se recadaron 6.292,44 € e no 2011 foron 6.418,7 €, o recadado este ano está moi ben. Pois vai ser que non. De entrada, a previsión feita por o goberno local era de 20.000 €, que sería posible se se pagasen cando menos dous trimestres, pero sabían que non ía ser así. Están a preparar unhas bases novas, pero tarde, ao igual que o das praias e o dos socorristas (sempre poderán dicir que o motivo é que AER necesita comprobar todo).

Como veredes no cadro anterior, o normal é pagar só por un trimestre, da igual cando pidas o permiso, **pagas por un trimestre e disfrutas o resto do tempo a conta dos veciños**. Tamén podemos comprobar o **habitual que pode chegar a ser pagar por menos mesas das que usas**. Que si, que son para un día que hai moita xente e teñen que aproveitar, pero a excepción convértese en hábito, o hábito en norma, e **ao final o que temos son as prazas e rúas cheas de cadeiras e mesas apiladas ou encadeadas ao mobiliario urbano**. Mención á parte merecerían os donos de locais de nomes filosóficos ou de conquistadores do aire ou algún outro iluminado que nin sequera se dignou a pagar.

Nós non estamos contra as terrazas nin contra os hostaleiros, bueno, Chopi tal vez si (modo irónico), **estamos a favor do uso racional do espazo público** e de que se pós unha terraza en maio e a retiras en outubro, pagues por todos os días que a uses.

Sabemos que os cartos que se recadan por mor das terrazas non quitarán o Concello dos problemas económicos polos que atravesas (se es o novo secretario xeral do PSOE local e estás a ler isto xa podes parar porque o resto non che interesa) pero cando revisas a liquidación das contas do Concello e decátaste de que **a 31 de decembro de 2011 quedan pendentes de cobro 460.000 € de IBI, 250.000 € de Rodaxe de vehículos, 150.000 € de IAE** € ou o pequeno pero chamativo caso dos vados permanentes onde se debían recadar 51.797,97 € e só se recadaron 7,232,79; terminas por preguntarte se Redondela é “sitio distinto”, se a xestión da empresa recadadora é “diferente”, se algúns veciños son demasiado “listos”, ou somos todos tontos.

Tal vez deberíamos ser quen de non emocionarnos e poder ter a cabeza fría para poder aportar solucións, coma diría o señor Pazos, un home capaz de tragar con calquera tipo de “cousaa” que lle envíen dende o PP e defendela sen ruborizarse o mais mínimo. Pero como a cabeza non para, dáchenos por pensar mal.

Para outro momento deixaremos o tema do Lixo, ou a posibilidade (nada remota) de que o PP teña que presentar un plan económico no prazo dun mes posto que non cumprimos o tope de déficit respecto dos ingresos que nos permite a lei.